

## NON HAI NADA SEGURO

Que non hai nada seguro  
un apréndeo cando xa é tarde  
cando non hai hora de chegada  
e a avoa entendeu  
que non durmir  
agardando por un  
non é causa suficiente, motivo abondo, razón de peso  
para se enfrontar a un suco máis de sementes  
co cansanzo apretando forte  
o mango do leghón nun día de xornal.

Que non hai nada seguro  
é un golpe tan forte, unha verdade  
tan desprovista de atenuantes.

Agora que a avoa tece gorriños de la

para as amigas, para os amigos  
e para os fillos das amigas e os amigos  
deste que xa non chega tarde nunca  
máis si, de tanto en tanto  
a algún encontro con descoñecidos.

Agora que as tardes da avoa substitúen  
as leiras dos vecinos  
e os brazados de herba  
pola película da televisión  
porque para avoa todo é película  
todo o que non pode ela asociar  
con sucos de sementes.

Agora é cando un aprende  
que non hai nada seguro.

Nada seguro

máis aló do que un pode asociar

coa avoa e o seu xeito de apretar forte (ela)

o mango do leghón

cavando

cavando

cavando

con tanta seguridade.

## UN CORPO QUE NON SE EXPLICA

Non sei se me explico.

Cando digo vivir

non digo nunca só vivir.

Cundo digo vivir

digo sempre lixeireza

conforto, acougo

nube de nébaa na caluga

corpo a terra

corazón.

Digo sempre roupa branca

arroz, con leite, digo.

Cando digo vivir

digo o meu nome

e outros nomes que pronuncio

mais non digo.

Digo fogueira porque pronuncio lume

por exemplo, ou estufa de leña

e cando pronuncio este discurso

estou dicindo soidade.

Non sei se me explico

pero cando digo vivir

sempre

estou usando o xerundio

porque digo planta

ramo enteiro, digo lirio

fento

landras, casiña vella.

Non sei se me explico

porque cando eu digo vivir

estou vivindo.

UN CORPO QUE AVANZA EN SENTIDO CONTRARIO A DUTRO  
CORPO

Entre o teu lugar  
e o meu lugar  
existe unha distancia insalvable.  
Sesenta e seis quilómetros  
de camiño  
—máis hora e media—  
tres quilos de peso morto  
con latexos por minuto  
de ansia viva.  
Hai entre o teu lugar e o meu  
unha conta de aforro  
baleira  
e eu estou indo cara a ese lugar  
do que foxes  
e ti estaste achegando a este lugar

do que eu me afasto.

Entre o teu lugar  
e o meu lugar  
hai  
entón  
dous corpos que avanzan  
en sentido contrario e cometen  
o mesmo erro.

—salvando as distancias—

Samuel Merino